

-Póster, comunicación e/ou mesa redonda (0,50 créditos).

-Relatorios e/ou publicacións (1 crédito por cada unha).

-Proxecto de investigación (financiado) (5 créditos por cada un).

-Publicar un libro (5 créditos).

Sexto.-*Proceso de avaliación e propostas de resolución.*

a) Os comités de avaliación, unha vez realizada a avaliación do nivel de cumprimento dos requirimentos básicos profesionais de conformidade co establecido na disposición quinta, e valorando a formación continuada cando e na medida que sexa procedente para superar a avaliación, dirixirán a este centro directivo proposta favorable de recoñecemento do grao II respecto aos solicitantes que acaden os 8 créditos precisos.

Coa dita proposta remitirase certificación sobre a presentación da solicitude en prazo e sobre o cumprimento dos requisitos básicos establecidos na disposición segunda desta resolución.

b) Os comités remitirán á Comisión Técnica de Avaliación (diplomados sanitarios), con sede nas dependencias deste centro directivo, as solicitudes e documentación anexa nos seguintes supostos:

-Cando o resultado da avaliación do nivel de cumprimento dos requirimentos básicos profesionais e da formación continuada non sexa suficiente para acadar os 8 créditos e superar a avaliación.

-Cando se trate de solicitantes que, por atoparse en situacións que impliquen desvinculación da actividade asistencial, ou por outras causas debidamente motivadas polas que non poidan someterse ao sistema xeral de avaliación.

-Cando se trate de solicitantes que non reúnan os requisitos básicos para o recoñecemento do grao ou se aprecie calquera impedimento para ese recoñecemento.

-Calquera outro suposto en que, por causas debidamente motivadas, consideren que o solicitante non se pode someter ao sistema xeral de avaliación dos propios comités.

c) A Comisión Técnica de Avaliación formulará as súas propostas sobre recoñecemento de grao con base en criterios de xeral aplicación previamente fixados. En todo caso, calquera proposta de desestimación do recoñecemento, baseada nunha avaliación negativa do nivel de desempeño, virá precedida dun período de alegacións habilitado para que o/a profesional presente as alegacións que considere oportunas e/ou o seu currículo profesional.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2009.

Esperanza Fernández Lago
Directora de Recursos Humanos

Resolución do 10 de novembro de 2009, da Dirección de Recursos Humanos, pola que se abre o prazo para que determinado colectivo de persoal laboral das categorías de licenciados sanitarios do sector sanitario público xestionado por entidades adscritas á Consellería de Sanidade e integrado no réxime estatutario polos procesos previstos no Decreto 91/2007 solicite o recoñecemento do grao III de desenvolvemento profesional.

De conformidade coa Orde do 28 de outubro de 2008 (DOG nº 213, do 3 de novembro), o persoal laboral fixo no 31-12-2005, que tivese optado pola súa integración no réxime estatutario, pertencente ás categorías sanitarias de licenciados con título de especialista en Ciencias da Saúde e licenciados sanitarios, poderá acceder ao grao III con efectos do 1 de xullo de 2009, nos termos establecidos no Decreto 155/2005, do 9 de xuño (DOG nº 112, do 13 de xuño), sobre o réxime extraordinario de recoñecemento do desenvolvemento profesional do persoal estatutario das categorías de licenciados sanitarios, coas particularidades establecidas no Decreto 91/2007, do 26 de abril, de integración no réxime estatutario do persoal laboral do sector sanitario público xestionado por entidades adscritas á Consellería de Sanidade e na citada Orde do 28 de outubro de 2008.

Consonte o disposto na referida orde, corresponde a este centro directivo ditar a resolución de apertura do prazo para a presentación de solicitudes.

En uso desta facultade, esta dirección

RESOLVE:

Primeiro.-*Obxecto.*

De conformidade coa secuencia temporal establecida na Orde do 28 de outubro de 2008, segundo o disposto no Decreto 91/2007, do 26 de abril, esta resolución ten por obxecto iniciar o procedemento para o recoñecemento do grao III de carreira profesional do persoal das categorías de licenciados sanitarios que resultou integrado no réxime estatutario segundo o previsto no Decreto 91/2007, establecendo o prazo para a presentación de solicitudes e a documentación acreditativa dos requisitos.

Segundo.-*Ámbito de aplicación e requisitos.*

Poderá solicitar o recoñecemento do grao III o persoal laboral fixo do sector sanitario público xestionado por entidades adscritas á Consellería de Sanidade no 31 de decembro de 2005, e que resultou integrado no réxime estatutario como consecuencia dos procesos de integración derivados do Decreto 91/2007, pertencente ás categorías sanitarias de licenciados con título de especialista en Ciencias da Saúde e licenciados sanitarios, que teña acreditados os requisitos para acceder ao grao II establecidos na Resolución do 3 de xullo de 2009 (DOG nº 139, do 17 de

xullo), e cumpra ou estea en condicións de cumprir os seguintes requisitos:

a) Ter a condición de persoal estatutario fixo, da correspondente categoría e/ou especialidade, obtida a través dos procesos previstos no Decreto 91/2007.

b) Ter prestados polo menos 18 anos de servizos na mesma categoría e/ou especialidade. Para estes efectos computaranse os servizos prestados como persoal laboral nas entidades incluídas no ámbito de aplicación do Decreto 91/2007, nos termos regulados no Decreto 155/2005, do 9 de xuño (DOG nº 112, do 13 de xuño). Este requisito acreditarase mediante certificación de servizos prestados emitida polo centro correspondente.

c) Estar en situación de activo ou asimilada, de conformidade co establecido na Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco, acreditada mediante a certificación á que se fixo referencia no punto b) anterior.

d) Ter participado, nos cinco exercicios inmediatamente anteriores á data de efectos da convocatoria, nos obxectivos asistenciais, reflectidos nos programas especiais do complemento de produtividade variable da fundación pública sanitaria ou empresa pública na cal estivese prestando servizos, e acreditar o seu cumprimento nun 70% en cada un dos cinco exercicios ou nun 75% de media nos ditos exercicios, sen prexuízo do establecido na disposición terceira. Esta acreditación realizarase mediante certificación do director xerente do centro de que se trate de conformidade coa avaliación efectuada por este concepto.

Para valorar o cumprimento dos requisitos atendeuse á data do 30 de xuño de 2009.

Terceiro.-Excepcións en situacións especiais.

Quedan exceptuados da acreditación do requisito a que se refire a letra d) da disposición segunda os períodos de tempo en que o persoal permanecese nalgunha das seguintes situacións:

a) Situación de servizos especiais a que se refire o artigo 64 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde ou situación equivalente prevista na normativa laboral.

b) Os períodos de permisos sindicais.

c) Excedencia por coidado de familiares.

d) Licenza por maternidade.

e) Incapacidade temporal.

Cando, por razóns da organización do traballo establecida, un profesional non puidese acreditar a súa participación nos programas de obxectivos do complemento de produtividade variable, quedará exonerado do requisito a que se refire a letra d) da disposición segunda desta resolución. Nestes supostos o xerente do centro emitirá certificación accredi-

tativa deste extremo, así como informe detallado da participación do profesional nos resultados da actividade do centro conforme se estableza nas condicións da avaliación.

Cuarto.-Prazo de presentación de solicitudes.

Cada profesional deberá formalizar unha única solicitude a través da Oficina Virtual do Profesional (FIDES), axustándose necesariamente ao modelo establecido; unha vez cuberta a solicitude segundo se indica, deberá imprimir copia en papel e presentala a través de calquera dos procedementos do artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, xunto coa documentación acreditativa dos requisitos (certificación de servizos prestados e de avaliación dos obxectivos asistenciais), advertindo que na folla de solicitude debe figurar o selo de rexistro, quedando os orixinais en poder da Administración e expedindo copia para o interesado. A solicitude deberá dirixirse á Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde e presentarse no prazo de 20 días hábiles contados a partir do día seguinte da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2009.

Esperanza Fernández Lago
Directora de Recursos Humanos

Resolución do 10 de novembro de 2009, da Dirección de Recursos Humanos, pola que se inicia o procedemento para que determinado colectivo de persoal laboral das categorías de xestión e servizos e sanitarias de formación profesional do sector sanitario público xestionado por entidades adscritas á Consellería de Sanidade e integrado no réxime estatutario polos procesos previstos no Decreto 91/2007 solicite o recoñecemento do grao II de desenvolvemento profesional.

De conformidade coa Orde do 28 de outubro de 2008 (DOG nº 213, do 3 de novembro), o persoal laboral fixo en 31 de decembro de 2005, que optaron pola súa integración no réxime estatutario, pertencente ás categorías de xestión e servizos e sanitarias de formación profesional, poderá acceder ao grao II con efectos do 1 de xullo de 2009, nos termos establecidos no Acordo do 21 de xuño de 2007 polo que se regula o acceso extraordinario á carreira profesional do persoal das categorías de xestión e servizos e sanitarias de formación profesional, publicado en virtude da Resolución do 25 de outubro de 2007 (DOG nº 208, do 26 de outubro), coas particularidades establecidas no Decreto 91/2007, do 26 de abril, de integración no réxime estatutario do persoal laboral do sector sanitario público xestionado por entidades adscritas á Consellería de Sanidade e na citada Orde do 28 de outubro de 2008.